

## Información

# Proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de formación profesional

**Convocatoria 2018**

**Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Ordenación Universitaria

(Actualizado 24/01/2018)

## Índice

---

|   |  |    |
|---|--|----|
| 1 | Introducción.....  | 3  |
| 2 | Inscripción na proba de acceso a grao medio.....   | 4  |
|   | 2.1. Requisitos de inscripción.....  | 4  |
|   | 2.2. Presentación da solicitude.....   | 4  |
|   | 2.2.1. Confección da solicitude.....   | 4  |
|   | 2.2.2. Centro de inscripción.....  | 5  |
|   | 2.2.3. Prazo de presentación de solicitudes.....   | 5  |
| 3 | Estrutura e organización da proba.....   | 6  |
| 4 | Exencíóns.....   | 7  |
|   | 4.1. Exención total.....   | 7  |
|   | 4.2. Exencíóns parciais.....   | 7  |
| 5 | Celebración da proba de acceso a grao medio.....   | 8  |
|   | 5.1. Data e hora.....  | 8  |
|   | 5.2. Lugar.....  | 8  |
|   | 5.3. Documentación que cómpre levar e material para utilizar.....  | 8  |
| 6 | Publicación contra as listaxes provisionais e definitivas. Reclamaciósns.....                                      | 9  |
| 7 | Certificado de realización da proba.....   | 10 |
|   | 7.1. Lugar de solicitude.....  | 10 |
|   | 7.2. Conservación da cualificación obtida nas partes superadas.....  | 10 |
|   | 7.3. Vixencia das certificácións de superación das probas que permitían o acceso a ciclos LOXSE de grao medio..... | 10 |
| 8 | Resolución administrativa.....   | 11 |
|   | 8.1. Lugar e prazos de presentación de solicitudes.....  | 11 |
| 9 | Preguntas frecuentes.....  | 12 |
|   | 9.1. Inscrpción.....   | 12 |
|   | 9.2. Exencíóns.....  | 13 |
|   | 9.3. Cualificacións.....   | 14 |
|   | 9.4. Certificados.....   | 15 |

## 1 Introdución

---

Toda a información e a documentación referente ás probas de acceso aos ciclos formativos poderá consultarse dentro da pestana “Probas” do menú da páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

Os centros educativos públicos que impartan formación profesional ofrecerán ás persoas interesadas información e orientación sobre estas ensinanzas, así como sobre o procedemento de inscrición e o desenvolvemento das probas de acceso.

Para información adicional estarán dispoñibles os servizos da Unidade de Atención a Centros, no teléfono 881 997 701, no enderezo electrónico [uac@edu.xunta.es](mailto:uac@edu.xunta.es) e na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/portal/uac>.

## 2 Inscrpción na proba de acceso a grao medio

---

### 2.1. Requisitos de inscrpción

Poderán participar na proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio as persoas que **non cumplan os requisitos académicos** esixidos para acceder a eles e teñan dezaseis anos ou os fagan no ano de realización da proba.

Os requisitos académicos de acceso a ciclos formativos de grao medio son os seguintes:

- Título de graduado en educación secundaria obligatoria.
- Título profesional básico.
- Título de técnico auxiliar de formación profesional.
- Segundo curso do bacharelato unificado e polivalente (BUP) rematado ou cun máximo de dúas materias pendentes no conxunto dos dous primeiros cursos.
- Segundo curso do primeiro ciclo experimental da reforma das ensinanzas medias (REM).
- Terceiro curso do plan de estudos de 1963 ou segundo curso de comúns experimental das ensinanzas de artes aplicadas e oficios artísticos.
- Outros estudos declarados equivalentes aos anteriores, para efectos académicos.
- Módulos obligatorios (módulos profesionais e módulos formativos de carácter xeral) dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI) cursados desde o curso 2011-2012.
- Calquera dos requisitos académicos de acceso a ciclos formativos de grao superior.

### 2.2. Presentación da solicitude

#### 2.2.1. Confección da solicitude

- As solicitudes poderán realizar de xeito telemático desde a opción “Solicitud web”, dispoñible na páxina [www.edu.xunta.es/fp/probas](http://www.edu.xunta.es/fp/probas). A aplicación informática, que incorpora un asistente que facilita o proceso, xera unha instancia para imprimir que se deberá presentar nun centro de inscrpción, xunto coa documentación que se indique na instancia. En tanto que non se efectúe este trámite, non quedará feita a matrícula.
- Opcionalmente, pódese optar por cubrir o formulario normalizado en pantalla (anexo I), imprimilo e presentalo nun centro de inscrpción xunto coa documentación necesaria. O formulario normalizado está dispoñible en:
  - [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp)
  - Sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.es> (para acceso a grao medio, o código de procedemento é ED312C).

## **2.2.2. Centro de inscrición**

Considérase centro de inscrición calquera centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con oferta de formación profesional.

Recoméndase usar como centro de inscrición o máis próximo ao domicilio habitual, posto que calquera outro trámite posterior á inscrición (por exemplo, consulta de listaxes, presentación de reclamacións, etc.) deberá realizarse exclusivamente no centro de inscrición elixido. Ademais, a sede de exame que se lle asigne será un centro próximo ao devandito centro de inscrición.

## **2.2.3. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes é do 12 ao 23 de marzo de 2018.

### 3 Estrutura e organización da proba

A proba de acceso a grao medio organízase consonte o seguinte:

| Grao medio                 |  |
|----------------------------|--|
| ■ Parte sociolingüística   | Inclúe tres probas: <ul style="list-style-type: none"><li>— Lingua castelá.</li><li>— Lingua galega.</li><li>— Ciencias sociais.</li></ul> |
| ■ Parte matemática         | Consta dunha única proba: <ul style="list-style-type: none"><li>— Matemáticas.</li></ul>   |
| ■ Parte científico-técnica | Inclúe dúas probas: <ul style="list-style-type: none"><li>— Ciencias da natureza.</li><li>— Tecnoloxía.</li></ul>                          |

## 4 Exencions

### 4.1. Exención total

Poderán quedar exentas da totalidade da proba de acceso a grao medio as persoas que acrediten calquera das seguintes circunstancias:

| Exención total   |
|--|
| ■ Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos.   |
| ■ Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de formación profesional, de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño. |
| ■ Ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño.                              |

Estas persoas han poder participar no proceso de admisión a ciclos formativos de grao medio presentando directamente o certificado acreditativo na secretaría do centro correspondente, nas condicións que se indiquen na normativa do proceso de admisión.

### 4.2. Exencias parciais

A solicitude de exención parcial da proba deberase formular no momento da inscrición. A persoa solicitante non poderá examinarse da parte ou das partes da proba para as que se lle conceda a exención nesta convocatoria.

Ademais das circunstancias incluídas na seguinte táboa, poderase solicitar a exención dunha parte da proba no caso de que xa fose recoñecida a devandita exención nunha convocatoria anterior de probas de acceso a ciclos formativos de grao medio en Galicia.

| Exención parcial  |   |  |
|---|---|--|
| ■ Segundo curso dun ciclo de formación profesional básica (FPB).  | — Superación dos módulos profesionais de Comunicación e sociedade I e II.   | ■ Exención da parte sociolingüística.                                      |
| ■ Segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI).<br>■ Nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (ESA).  | — Superación do ámbito de comunicación.<br>— Superación do ámbito social.<br>(cómprase acreditar a superación de ambos os ámbitos; non abonda a superación dun só). |  |
| ■ Segundo curso dun ciclo de formación profesional básica (FPB).  | — Superación dos módulos profesionais de Ciencias aplicadas I e II.   | ■ Exención da parte matemática.<br>■ Exención da parte científico-técnica. |
| ■ Segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI).<br>■ Nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (ESA).  | — Superación do ámbito científico-tecnológico.  |  |
| ■ Superación dos módulos profesionais relacionados co perfil profesional dun título de FPB (agás o módulo de formación en centros de traballo -FCT- e os módulos asociados aos bloques comúns).<br>■ Superación dos módulos específicos profesionais (con ou sen ter realizado o módulo de FCT) dun PCPI. |   | ■ Exención da parte científico-técnica                                     |
| ■ Dispor dun certificado de profesionalidade de calquera nivel, consonte o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade.   |   |  |
| ■ Ter, como mínimo, un ano de experiencia laboral en xornada completa, con independencia do campo profesional en que se traballase. As persoas interesadas deberán cumplir este requisito con anterioridade ao remate do período de inscrición para as probas.  |   |  |

## **5 Celebración da proba de acceso a grao medio**

---

### **5.1. Data e hora**

A proba realizarase o 31 de maio de 2018, no seguinte horario:

- Presentación: ás 9:00 horas.
- Partes matemática e sociolingüística da proba:
  - Das 10:00 ás 13:00 horas (Matemáticas, Lingua galega, Lingua castelá e Ciencias sociais).
- Parte científico-técnica da proba:
  - Das 16:00 horas ás 18:00 horas (Ciencias da natureza e Tecnoloxía).

### **5.2. Lugar**

O día 15 de maio farase público o lugar ou os lugares onde se realizarán as probas. Esta listaxe publicarase nos centros de inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

A sede de realización da proba determiníñase en función do centro de inscrición empregado e, en principio, tratarase dalgún centro público próximo a este. Daquela, recoméndase usar como centro de inscrición un próximo ao domicilio habitual.

### **5.3. Documentación que cómpre levar e material para utilizar**

O día da proba cómpre levar o documento oficial de identidade e copia da folla da solicitude de inscrición.

Poderanse utilizar os seguintes materiais:

- Bolígrafos de tinta negra ou azul (ningunha outra cor).
- Calculadora científica, agás que sexa programable, gráfica ou con capacidade para almacenar e transmitir datos. Soamente se pode empregar na proba de Tecnoloxía da parte científico-técnica.

Non se admitirá ningún aparello capaz de recibir, transmitir nin almacenar información, como, por exemplo, teléfonos móbiles.

O tribunal dará as instrucións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas. Non seguiñas será causa de exclusión.

## **6 Publicación contra as listaxes provisionais e definitivas. Reclamacións**

---

As listaxes provisionais e definitivas relacionadas co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do centro público onde se fixera a inscrición e na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

Contra as listaxes provisionais de solicitudes, de exencións, de proba adaptada e de cualificacións, as persoas interesadas poderán presentar reclamación no centro de inscrición.

Durante o período de reclamacións contra as listaxes provisionais de solicitudes admitidas e excluídas, poderase achegar a documentación pendente de entrega do solicitado na folla de inscrición.

As listaxes relacionadas coas probas adaptadas deberán consultarse na secretaría do centro de inscrición, porque non se publicarán en ningún outro sitio.

## **7 Certificado de realización da proba**

---

Na certificación constará a nota final lograda e a cualificación obtida en cada unha das partes que a componen.

A certificación da superación da proba dará acceso a calquera ciclo formativo de grao medio, nas condicións de admisión que se establezan.

### **7.1. Lugar de solicitud**

Os certificados de probas de acceso, tanto da convocatoria deste ano como de convocatorias anteriores (desde o ano 2004), poderán solicitarse en calquera centro público con oferta de formación profesional.

Os certificados das probas anteriores a 2004 deberán solicitarse no centro educativo onde se realizara a proba.

### **7.2. Conservación da cualificación obtida nas partes superadas**

Para quen realizara a proba na comunidade autónoma de Galicia e non a superara na súa totalidade, a certificación permitirá manter a cualificación obtida nas partes superadas cunha puntuación igual ou superior a cinco durante un máximo de dous anos nas probas de acceso a ciclos formativos de grao superior en Galicia.

### **7.3. Vixencia das certificacións de superación das probas que permitían o acceso a ciclos LOXSE de grao medio**

A certificación de ter superada a proba de acceso a ciclos formativos de grao medio consonte o establecido na Orde do 1 de abril de 2002 e na Orde do 2 de decembro de 2008 polas que se regulan as probas de acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica terán os mesmos efectos que a certificación da superación da totalidade da proba de acceso obtida na presente convocatoria.

## **8 Resolución administrativa**

---

As persoas que nas convocatorias de 2016, 2017 e 2018 superaran parcialmente unha proba de acceso a ciclos formativos na comunidade autónoma de Galicia e estean en condicións, logo de finalizado o proceso, de acreditar nas partes non superadas algunha das causas de exención parcial recollidas no punto 4.2 deste documento poderán solicitar a certificación de superación da proba por resolución administrativa.

### **8.1. Lugar e prazos de presentación de solicitudes**

Poderanse presentar en calquera dos centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria onde se imparten ciclos formativos de formación profesional.

O prazo para solicitar a superación da proba por resolución administrativa é do 25 de xuño ata o 30 de setembro de 2018.

## **9 Preguntas frecuentes**

---

### **9.1. Inscrpción**

**As persoas que teñan superada unha proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos poden inscribirse na proba de acceso?**

Si, poderán realizar a proba de acceso completa coa finalidade de poderen obter unha nota de acceso a ciclos superior a 5,00.

Tamén poderán participar directamente no proceso de admisión a ciclos formativos, presentando o certificado acreditativo de ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, na secretaría do centro correspondente, nos prazos establecidos para a admisión. Neste caso, para os efectos de baremo no proceso de admisión a ciclos formativos, a cualificación será de 5,00.

**As persoas que teñan superada a proba de acceso para maiores de 45 anos teñen acceso a ciclos formativos?**

Non; deberán presentarse á proba de acceso a ciclos formativos.

**Se son aspirante estranxeiro/a, que documento de identidade debo usar?**

O documento correcto é a tarxeta do NIE (número de identificación de extranjeros). Na súa ausencia, excepcionalmente, pódese usar o pasaporte ou, no caso de cidadáns ou cidadás da Unión Europea, o documento oficial de identidade do seu país.

**Que fago se non podo presentar a solicitude por mi mesmo/a? (actuación a través de representante)**

Se vai presentar a solicitude a través de representante, cómpre acreditar a representación por calquera medio válido en Dereito.

En particular, sería válida unha autorización asinada pola persoa solicitante a favor da persoa representante.

Para redactar esta autorización, recoméndase:

- Identificar claramente a persoa solicitante con nome e apelidos e número de documento de identificación.
- Incluir, dentro do propio documento de autorización, imaxe do DNI do/da solicitante.
- Indicar que autoriza a esa persoa (identificada con nome, apelidos e DNI) para representalo/a para os efectos de tramitar a súa solicitude de inscripción na proba de acceso a ciclos formativos.
- Imprimir a autorización.

- Que a persoa solicitante asine a autorización e lla entregue ao/á representante para que a achegue coa solicitude. Non se admitirá unha autorización escanada, senón que cómpre achegar autorización con sinatura orixinal.

Logo de confeccionada a representación, a solicitude que se leva ao centro de inscrición debe ir asinada xa pola persoa representante, non pola solicitante.

Non esqueza conservar unha copia da solicitude validada polo centro de inscrición porque a ten que levar o día de celebración da proba xunto co seu documento de identidade.

## 9.2. Exencíons

### **É posible solicitar a exención en lingua galega ou noutras materias superadas na ESO?**

Non; só é posible solicitar a exención dalgunha das partes da proba, pero non dunha materia en concreto.

### **Que son os módulos obligatorios dun PCPI?**

Con anterioridade ao curso escolar 2011-2012, os módulos obligatorios dun PCPI correspondían ao primeiro curso de PCPI e incluíán a formación en centros de traballo.

Desde o curso 2011-2012, os módulos obligatorios dun PCPI eran os módulos específicos profesionais e os módulos formativos de carácter xeral que se cursan no primeiro e no segundo curso dun PCPI.

### **Que documentación cómpre presentar no caso de persoas traballadoras por conta aldea que soliciten a exención da parte científico-técnica por experiencia laboral?**

Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social (vida laboral) ou o equivalente da mutualidade laboral que corresponda, onde conste a empresa o período de contratación.

### **Que documentación cómpre presentar no caso de persoas traballadoras por conta propia que soliciten a exención da parte científico-técnica experiencia laboral?**

Certificación (vida laboral) do período de cotización no réxime especial de traballadores/as autónomos ou o equivalente da mutualidade laboral en que se estivese afiliado/a.

## **Que exencións se poden solicitar segundo os ámbitos da ESA e PCPI ou os módulos de FPB que se teñan superados?**

| Táboa resumo sobre FPB, PCPI e ESA  |  |  |
|---|--|--|
| ■ Segundo curso dun ciclo de formación profesional básica (FPB).                                  | – Superación dos módulos profesionais de Comunicación e sociedad I e II.   | ■ Exención da parte sociolingüística.  |
|   | – Superación dos módulos profesionais de Ciencias aplicadas I e II.  | ■ Exención da parte matemática.<br>■ Exención da parte científico-técnica.   |
|   | – Superación dos módulos profesionais relacionados co perfil profesional do título (agás FCT e módulos asociados a bloques comúns).                            | ■ Exención da parte científico-técnica                                       |
| ■ Segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI).                         | – Superación do ámbito de comunicación.<br>– Superación do ámbito social.<br>(compre acreditar a superación dos dous ámbitos; non abonda a superación dun só). | ■ Exención da parte sociolingüística.  |
|   | – Superación do ámbito científico-tecnológico.   | ■ Exención da parte matemática.<br>■ Exención da parte científico-técnica.   |
|   | – Superación dos módulos específicos profesionais (con ou sen ter realizado o módulo de FCT) dun PCPI.   | ■ Exención da parte científico-técnica                                       |
| ■ Segundo curso dun programa de cualificación profesional inicial (PCPI) desde o curso 2011-2012. | – Superación dos módulos de carácter xeral .<br>– Superación dos módulos específicos profesionais.   | ■ Acceso a ciclos formativos de grao medio (non teñen que realizar a proba). |
| ■ Nivel II da educación secundaria para as persoas adultas (ESA).                                 | – Superación do ámbito de comunicación.<br>– Superación do ámbito social.<br>(compre acreditar a superación dos dous ámbitos; non abonda a superación dun só). | ■ Exención da parte sociolingüística.  |
|   | – Superación do ámbito científico-tecnológico.   | ■ Exención da parte matemática.<br>■ Exención da parte científico-técnica.   |

### **9.3. Cualificacións**

#### **Como se calcula a nota da proba de acceso?**

A cualificación de cada parte da proba (sociolingüística, matemática e científico-técnica) será numérica, entre cero e dez puntos.

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de 4,00 puntos en cada parte (sociolingüística, matemática e científico-técnica) e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais. Será positiva a cualificación de 5,00 puntos ou superior. En caso contrario, a nota final cualificarase como “non apto/a”.

Para calcular a media da nota de cada parte non é preciso ter unha nota mínima nas materias que constitúen esa parte.

#### **A que nota numérica equivale a certificación onde conste unha cualificación de “apto/a”?**

A normativa vixente establece que as persoas que posúan certificacións onde conste só “apto/a”, sen nota numérica, participarán no proceso de admisión a ciclos formativos cunha cualificación de 5,00.

## No caso de gozar de exención nalgunha das partes da proba ou na totalidade, como se calcula a nota da proba de acceso?

Para os efectos de cálculo da nota final da proba de acceso non se terán en conta as partes da proba das que a persoa participante fose declarada exenta. Así mesmo, no caso de exención de todas as partes da proba, a cualificación final expresarase como “exento/a”. Para os efectos de admisión en ciclos formativos, a exención total da proba equivalerá a unha cualificación de 5,00 puntos.

| Exemplos de cálculo de nota    |                          |                                  |            |            |
|--------------------------------|--------------------------|----------------------------------|------------|------------|
| Nota da parte sociolingüística | Nota da parte matemática | Nota da parte científico-técnica | Nota media | Nota final |
| 6,00                           | 7,00                     | 6,50                             | 6,50       | 6,50       |
| 4,00                           | 5,00                     | 5,10                             | 4,70       | Non apto/a |
| 4,50                           | 7,00                     | 5,00                             | 5,50       | 5,50       |
| 7,00                           | 3,00                     | 8,00                             | --         | Non apto/a |
| Exención                       | 7,00                     | 5,00                             | 6,00       | 6,00       |
| 4,00                           | Exención                 | 5,00                             | 4,50       | Non apto/a |
| Exención                       | Exención                 | Exención                         | 5,00       | 5,00       |

## 9.4. Certificados

### Pode perder validez a certificación de superación da proba de acceso?

Non; a superación da **totalidade** da proba ten validez indefinida.